

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 26/07/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
D. CARLOS COIRA LOJO
DONA SONIA OUTÓN CASAL
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO
DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTIN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

MARIA BERMUDEZ OUTON

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26/07/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 17-jul-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/2432

Dáse cona do escrito presentado por D. Raul Bouzada García, solicitado autorización para realización os venres e sabados de xullo e agosto (período estival) de actuacións musicais variadas na Praza Martín Gómez Abal, en horario de 22:00 a 0:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda denegarlle a autorización que solicita por tratarse dunha zona moi saturada de ruídos nocturnos, derivados dos locias nos que se desenvolven actividades de ocio nocturno.

PRP2023/2434

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na confluencia das rúas Alcalde Rey Daviña e Baldosa, os días 29 de xullo e 12 e 26 de agosto de 2023, en horario de 10:00 a 15:00 horas para realizar unha actividade de captación de socios e información xeral.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da

limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/2469

Vista a proposta do Servizo Municipal de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa CASTROMAN I SL, para o subministro de 400,00 ud. de cadeiras respaldo baixo 8106V de cor verde, por un importe total de 4.599,98 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22199. As devanditas sillas serán destinadas a eventos nos colexios.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2502

A Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu artigo 5 establece as competencias dos Concellos, sinalando no apartado f) do indicado artigo que é competencia municipal “autorizar as ampliación e reducións sobre o horario xeral, en atención aos criterios, supostos e circunstancias que, no seu caso, figuren na orde de horarios prevista no artigo 17”.

Visto o indicado no artigo 17 da lei ao respecto dos horarios:

“1. Mediante orde da persoa titular da consellaría competente na materia, e logo do informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determinarase o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

2. A orde que determine os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos ou das actividades recreativas poderá establecer os criterios, os supostos e as circunstancias que permitan aos concellos autorizar, de xeito motivado, ampliacións ou reducións sobre o horario xeral.”

En aplicación destes artigos pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ditouse a Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche de establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, na que se sinalan os horarios de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e actividades recreativas.

Visto o artigo 7 da Orde do 23 de outubro de 2020 onde se prevé que con carácter xeral o horario de peche dos establecementos abertos ao público e de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas a que se refire esta orde ampliarase:

- Media hora as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Visto o artigo 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 que establece que os concellos poderán ampliar para todo o seu termo municipal ou para zonas concretas deste os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares, do Entroido, da Semana Santa e do Nadal, facendo compatible, en todo caso, o seu desenvolvemento coa aplicación das normas vixentes en materia de contaminación acústica.

Os concellos, mediante acordo do órgano competente, establecerán o número máximo de días

naturais ao ano en que poderán ampliar os horarios de peche dos establecementos abertos ao público, dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.

Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de 2 horas.

Visto o artigo 13 no que se establece o réxime especial de horarios de peche de determinados establecementos abertos ao público, e así indica:

1. Os concellos que teñan obtido a declaración de zona de grande afluencia turística para os efectos de horarios comerciais, de acordo coa vixente normativa de comercio interior de Galicia, nos termos e cos límites temporais establecidos na correspondente declaración, poderán autorizar, logo da petición das persoas titulares das actividades de restauración, ocio e entretemento, horarios especiais, que supoñan unha ampliación dos horarios xerais de peche, para os devanditos establecementos.

Nestes supostos, as ampliacións de horario non poderán superar, en ningún caso, en 2 horas, os horarios xerais de peche dos establecementos abertos ao público.

Visto o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Outorgar a ampliación de 1 hora sobre o horario de peche do seguinte establecemento de espectáculos públicos e actividades recreativas aberto ao público, durante as fins de semana e festivos do período que vai dende o 1 de xullo ata o 15 de setembro de 2023, no local BIANCO.

Esta ampliación de unha hora, se suma á media hora a que fai referencia o artigo 7 da orde de 23 de outubro de 2020, polo que, será en total hora e media, as noites que van do venres ao sábado, do sábado ao domingo e do domingo ao luns, así como as noites das vésperas dos días festivos e as propias noites dos días festivos.

Indicar que, se a Policía Local informa sobre incumprimentos en materia de horarios, ruídos, etc. se suspenderá a ampliación de horario para o establecemento denunciado.

PRP2023/2507

Dáse conta da resolución da Alcaldía en relación coa celebración da XIX Carreira Nocturna Concello de Vilagarcía, que se vai celebrar o día 29 de xullo de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a cota de inscrición de 5,00€/participante na proba absoluta, de conformidade co Acordo Regulador nº III.5 en vigor.

PRP2023/2450

Dáse conta do escrito presentado por D. Fernando Alvarez de Blass, en representación da Sub Comunidade de Garaxes TEPUY, no que indica que como titulares de Vao que dá servizo a 52 prazas de aparcamento, en numerosas ocasións a zona de tránsito cara ao garaxe esta parcialmente ocupada por vehículos estacionados; facendo moi difícil a manobra de entrada ou saída do citado garaxe.

Polo que solicita que se proceda á ampliación da zona de vao mediante pintado de liñas e a colocación de arcos ou bolardos nos laterais para impedir que vehículos estacionados invadan a zona de rodadura.

Ou que no seu defecto concedan autorización a esta comunidade, baixo supervisión do Concello, para realizar estes traballos..

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección comprobouse que a aspa amarela de entrada está completamente borrada.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para o repintado da aspa amarela, así como a colocación de fitos flexibles deleimitando o vao permanente, comunicandolle que conforme ao disposto no punto 3, do Art. 64 da vixente Ordenanza de

Circulación, corresponde a sinalización e mantemento dos vaos permanentes ós adxudicatarios da licenza, procedendo unicamente a sinalizar o Concello cando se efectúa a sinalización completa de algunha rúa.

Previamente á realización dos traballos, no suposto de levarse a cabo, deberá poñerse en contacto coa Policía Local.

PRP2023/2626

Dáse conta de solicitude de D. Alejandro AK Marin para a instalación dun posto de patacas e perritos os días dos concertos do Atlantic Fest (21, 22 e 23 de xullo), na Avda. da Mariña-Parque Miguel Hernández.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/2661

Dáse conta do escrito remitido pola Valedora do Pobo en relación coa mellora da seguridade viaria no paso de peóns da Avda. de Vilanova nº 82.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle á Valedora do Pobo, que o citado vial non é titularidade do Concello, sendo o organismo titular a Xunta de Galicia, indicando así mesmo que con data 27 de abril de 2021 xa se informou sobre este asunto, dando traslado á Axencia Galega de Infraestruturas coa data de 14 de maio, polo que en todo caso deberá o cidadán, dirixirse ao citado organismo para a adopción das medidas que consideren oportunas.

PRP2023/2663

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que o pasado día 2 de xullo de 2023, foron requiridos porque ao parecer estaban cociñando no exterior do establecemento denominado BEIRAMAR, situado na Rúa Valentín Viqueira nº 1, Carril, sendo o responsable D. José Ribamar Soeiro Junior, que foi requirido en relación coa correspondente autorización municipal, manifestando que non dispón dela e que realiza a actividade no citado establecemento dende fai 4 semanas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Ribamar Soeiro Junior que deberá absterse de realizar a citada actividade sen contar coa correspondente autorización municipal.

PRP2023/2664

Dáse conta de oficio do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 2 de Vilagarcía de Arousa, en relación on Dilixencias previas Proc. Abreviado 0000062/2023 a instancia de Ministerio Fiscal, Comunidade de Propietarios Mar de Arosa Edificio Rodrigo de Mendoza 5, contra Comunidade de propietarios Avda. Doctor Tourón 10, Concello de Vilagarcía de Arousa, solicitando a remisión, á maior brevidade do expediente administrativo que se sigue pola aparición de gasoleo en dous pozos de drenaxe na planta -2 de un dos garaxes soterrados.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o expediente solicitado ao devandito Xulgado.

PRP2023/2665

Dáse conta do Decreto 112/2023, do 29 de xuño, da Consellería de Emprego e Igualdade, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024, que serán as seguintes:

1 de xaneiro. Aninovo.

6 de xaneiro: Epifanía do Señor (día de Reis)

28 de marzo: Xoves Santo

29 de marzo: Venres Santo

1 de maio: Festa do Traballo

17 de maio. Día das Letras Galegas

25 de xullo: Día Nacional de Galicia

15 de agosto: Asunción da Virxe

12 de outubro: Festa Nacional de España

1 de novembro: Todos os Santos

6 de decembro. Día da Constitución Española

25 de decembro. Natividade do Señor.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/2669

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ana Maria Salgado López, en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA, solicitando autorización para obras de ampliación na rede eléctrica e centro de transformación de 160 dva, para ubicar o citado centro de transformación na vía pública, en Rúa Sobradelo/Rúa da Pereira.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo proceder previamente ao depósito dunha fianza, por importe de 5.000 € para garantir a boa execución das obras e a posible reposición dos bens afectados.

PRP2023/2674

Dáse conta de escrito presentado por D. José Ramón Rodríguez Posse en relación con diversas faltas de respecto ao Servizo por parte dunha vendedora do mercado semanal, así como pola comisión de diversas infraccións previstas no Regulamento Municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á vendedora que se trata de faltas graves que conlevan sanción, polo que caso de persistir se adoptarán as oportunas medidas sancionadoras.

Así mesmo comunícase ao Sr. Rodríguez Posse que conta co apoio da Corporación Municipal en relación co asunto, e contará con asesoría xurídica municipal de ser precisa, tendentes a solucionar este conflito que pasa en primeiro lugar porque a vendedora adapte o seu posto á superficie autorizada.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/2555

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando a colaboración do Concello para a celebración do evento EXPOFERTA 2023, os días 4, 5 e 6 de

agosto, na Praza da II Reública.

Vista a proposta da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a colaboración do Concello para a celebración da feira de oportunidades EXPOFERTA 2023.

Dar conta á Policía Local e ao Servizo Municipal de Obras e Servizo de Electricidade.

PRP2023/2644

Dáse conta da Resolución de 7 de xullo de 2023 da Secretaría de Estado de Turismo, con entrada no Concello o 10 de xullo de 2023, modificadora da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 ? dentro do Plan de Sostibilidade Turística en Destino.

Compre ter en conta que o departamento de contratación deu conta, no seu día, a XGL da resolución inicial de concesión, dentro do expediente CONTRAT/2023/000018 (doc. 46), polo que se procede a relacionar ambos expedientes dentro da aplicación CIVIDAS.

A resolución modificadora resolve:

Autorizar la modificación sustancial presentada para el proyecto Plan de Sostibilidade Turística en Destino “Concello de Vilagarcía de Arousa”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da modificación da Resolución de 14 de setembro de 2022 pola que se concede ao Concello de Vilagarcía una subvención directa por contía de 2.490.852,00 € dentro do Plan de Sostibilidade Turística en Destino, nos termos anteditos.

DENOMINACIÓN
PSTD:

CUADRO-RESUMEN PROGRAMACIÓN ACTUACIONES

Ejes programáticos	Actuaciones	Anualidad 2022	Anualidad 2023	Anualidad 2024	Total	COMENTARIOS
Eje 1. Transición verde y sostenible	1 Restauración ambiental de enlace Vía Verde para prox. Enlace a ciclovia			300.000,00	300.000,00	Ecorehabilitación del espacio y enlace Vía Verde-acceso peatonal a núcleo. El ayuntamiento cuenta con 3.920,52 m de ciclovías. El objetivo es alcanzar 9.281 m. conectando el rural y el centro de Vilagarcía a través de la costa de una manera sostenible y segura. La ampliación de las vías conectaría el paseo desde Vilaxoán a Carril, centro de Vilagarcía y Vía Verde do Salnés
	2 Creación de estaciones BTT vinculadas a las rutas existentes			50.000,00	50.000,00	Con estación de mantenimiento básico. Con el mismo objetivo de mejorar la infraestructura y ampliar el número de usuarios del servicio de préstamo de bicicletas, vaibike. Contribuyendo a la promoción del turismo activo y familiar.

Total EJE 1	€	-	0,00	350.000,00	350.000,00	14,1%
--------------------	---	---	-------------	-------------------	-------------------	-------

Eje 2. Mejora de la eficiencia energética	3	Renovación de alumbrado en paseo peatonal de playas, espacios de ocio y parques en Camino de Santiago y áreas Ciclovías		529.000,00	529.000,00	La sustitución de los elementos existentes por un sistema más eficiente de alumbrado contribuye a la mejora del entorno y ambientación de los espacios, de manera sostenible. La instalación de electricidad e iluminación eficiente de la parcela recuperada.
	4	Electricidad e iluminación eficiente en parcela recuperada fachada		43.658,80	43.658,80	

Total EJE 2	€	-	0,00	572.658,80	572.658,80	23,0%
--------------------	---	---	-------------	-------------------	-------------------	-------

Eje 3. Transición digital	5	Desarrollo de una nueva web, app y contenidos multimedia.	15.000,00	30.000,00	45.000,00	Como refleja la memoria del proyecto, de cara al futuro uno de los retos a los que se enfrenta Vilagarcía es la implantación de nuevas tecnologías y la digitalización. A través de estas actuaciones se trabaja en uno de los ejes fundamentales del PRTR.
	6	Oficina de turismo digital e inteligente (smart CRV)		150.000,00	150.000,00	
	7	Señalización digital en red de ciclovías, su enlace con Eurovelo E1 proyectada y Camino de Santiago.		119.000,00	119.000,00	

Total EJE 3	€	-	15.000,00	299.000,00	314.000,00	12,6%
--------------------	---	---	------------------	-------------------	-------------------	-------

Eje 4. Competitividad	8	Acondicionamiento de parkinggs disuasorios en colaboración con el sector	40.000,00		40.000,00	Continuar el desarrollo de la conexión sostenible con las parroquias, el rural y los ayuntamientos limítrofes, requiere la adecuación y acondicionamiento de zonas de aparcamiento disuasorio. Esta actuación contribuye a hacer de Vilagarcía una ciudad segura y saludable.
	9	Acondicionamiento para uso turístico de parcela O Ramal 6,800m2		1.114.635,20	1.114.635,20	Acondicionar la parcela de O Ramal para uso turístico, potenciará la llegada de visitantes y mejorará la calidad del tiempo de ocio y la conciliación de los ciudadanos.
	10	Oficina técnica para asesoramiento durante el proceso de elaboración, ejecución y gestión de la estrategia	33.186,00	66.372,00	99.558,00	La oficina técnica de asesoramiento se hace imprescindible atendiendo a la escasez de recursos humanos de la E. L., teniendo en cuenta el nivel de especialización y conocimiento que requiere la gestión de los Fondos Next Generation UE.

Total EJE 4	€	-	73.186,00	1.181.007,20	1.254.193,20	50,4%
--------------------	---	---	------------------	---------------------	---------------------	-------

TOTAL		0	88.186,00	2.402.666,00	2.490.852,00	
--------------	--	----------	------------------	---------------------	---------------------	--

PRP2023/2678

O punto dixital municipal é un servizo ao alcance dos cidadáns dende o que teñen á súa disposición apoio técnico para asistencia ás tramitacións telemáticas coa administración electrónica, ao tempo que implica un punto de auxilio para as relacións dixitais habituais da cidadanía.

Constitúe o obxecto da presente proposta a contratación do servizo de asistencia ao punto de apoio dixital municipal.

A entrada en vigor das leis 39/2015 e 40/2025 implicou un incremento no número de tramitacións pola canle electrónica. Posteriormente a crise sanitaria derivada do Covid 19 supuxo un novo incremento no número de trámites e xestións que os cidadáns deben levar a cabo por esta vía, polo que se fai preciso a prestación do servizo de asistencia técnica ao cidadán a través do punto de apoio dixital municipal.

Vista a proposta da Area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a CDF - CONSULTORIA Y GESTIÓN FORMATIVA SL, NIF: B-06828834 y domicilio en Rúa Fermín Bouza Brey, 12-2ºB; CP. 36600- Vilagarcía de Arousa (Pontevedra), por importe 17.787 € IVE INCLUÍDO, con cargo á partida citada, de conformidade co orzamento presentado.

O aboamento levarase a cabo mediante facturación mensual do servizo, segundo se indica no cadro seguinte:

ACTUACIONES 2022		
De 1 de agosto a 31 de decembro	1.225,00+IVE Euros mes	6.125,00 € + IVA
ACTUACIONES 2023		
De 1 de xaneiro a 31 de xullo	1.225,00+IVE Euros mes	8.575,00 €+ IVA

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2023/2675

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando autorización para o cambio de mercado, do martes 15 de agosto ao luns 14 de agosto, por ser festivo.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2023/2638

A Confraría dos Viño Rías Baixas vai celebrar na nosa cidade, os días 19 e 20 de agosto, o seu Grande Capítulo, co que pretenden facer un evento turístico e cultural, ensalzando os Viños Rías Baixas e as Festas de San Roque, contando coa participación de varias confrarías vínico-gastronómicas chegadas de distintos puntos xeográficos.

A celebración deste evento en Vilagarcía contribúe, sen dúbida, á promoción turística de Vilagarcía.

Esta concellería comprometeuse cos organizadores a asumir unha parte dos gastos que xera esta celebración, en concreto unha xuntanza gastronómica e unha visita ao Pazo de Rubianes.

Para xuntanza gastronómica o 18 de agosto, Hotel Carril, S.L.CIF: B36458271, presenta un orzamento, para 50 persoas, que ascende a 1.500 €, IVE engadido.

Para coñecer o pazo, Pazo de Rubianes, S.L. CIF: B94162617, presenta un orzamento de 850,03 €, IVE engadido, para a visita dun grupo de 50.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os citados orzamentos con cargo á partia 432.22610.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2639

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa OFICODE SL para renovación de lona impresa para cubrir a mesa na que se celebra a Orde da Ameixa e das bandeirolas que colgan dos farois para a Festa da Ameixa de Carril, por un importe total de 1.287,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2641

Achégase xustificante de gasto ao obxecto de proceder á validación das actuacións levadas a cabo na comisión do devandito gasto, para aprobación deste, recoñecendo a correspondente obriga e declarándoa de aboamento.

Consta de 1 facturas, a nº 094-203, de data 12.06.23, de EMDESFOR 2002, S.L. , por importe de 6.912.60 € (IVE Engadido).

Se trata dun gasto que se corresponde coa modalidade de contratos menores por razón de contía dos definidos no artigo 118 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro de 2017, pero respecto do cal non se fixeron os trámites oportunos de previa aprobación da Xunta de Goberno Local. Os 3 concellos polos que transcorre a Vía Vede alcanzaron un acordo, no ano 2021, no que se establece que sexa unha mesma empresa a que se encargue de todo o itinerario. Tamén se indican no documento, as porcentaxes dese gastos que asumirá cada concello, que son as seguintes:

CONCELLO	%
Vilagarcía de Arousa	53,858
Caldas de Reis	34,366
Portas	11,776
TOTAL	100,00

A empresa á que lle encomendou esa tarefa foi EMDESFOR 2002, S.L., á vista do presuposto que presentara e que ascende a un total (para os 3 concellos) de 25.669,71 (IVE incluído), por un ano. Ao Concello de Vilagarcía lle corresponderá un gastos total neste exercicio 2023 de 13.825,20 € (IVE incluído), que será aboada en 2 partes iguais.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda a convalidación do gasto polo importe de 13.825,20 €, e o recoñecemento de obriga da seguinte factura:

Factura nº 094-203, de data 12.06.23, de ENDEMESFOR 2002, S.L. , por importe de 6.912.60 €

(IVE Engadido), con cargo á partida 171.22799.

PRP2023/2677

Dáse conta da sinatura, do convenio coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa, para o financiamento das Festas de San Roque 2023.

O obxecto do convenio é a celebración do ESPECTÁCULO “HIJO DE LA LUNA”, a cargo do grupo Espectáculos A Cantaruxa, dentro da programación das festas de San Roque 2023, no recinto da Xunqueira, que ten un custo de 18.125 €, e ofrécese gratuíto para o público. A colaboración da Deputación será de 6.000 €.

O Concello comprométese a difundir a colaboración outorgada pola Deputación de Pontevedra. Para elo, deberá incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra no material gráfico publicitario utilizado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/2536

Vista a proposta da Concellería da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a ubicación dun Punto Lila seguro contra as agresións machistas durante a Festa da Auga 2023, a noite do 15 ao 16 de agosto, por un importe total de 1.887,400 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

- Orzamento de APAIOGA -G36455863, polo servizo de información, sensibilización, coordinación e atención Punto Lila, por importe de 1.572,80 € (IVE exento), con cargo á partida 2312.22799.
- Orzamento de BAYGAR SL polo aluguer de caseta e transporte, por importe de 314,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.203

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/2591

Na Xunta de Goberno de data 12 de xuño de 2023 (PRP 2023/2081) aprobouse o orzamento da XXVII Romaría das Persoas Maiores por un importe de 9.683,0998.-€ (ive engadido). Dentro de dito orzamento, incluíase unha partida de gastos a xustificar por importe de 100.-€ para imprevistos.

Durante os preparativos de dita Romaría, as persoas responsables da súa organización, propuxeron a esta Alcaldía a creación dun espazo lúdico para incrementar as posibilidades de difusión de dita Romaría, ao ofrecer un punto atractivo no que se promocionase dito acto, proposta que tivo posteriormente unha grande acollida por parte dos asistentes.

Con ese obxectivo creouse una zoa de photocall, comprando os materiais necesarios, correndo a creación do mesmo a cargo das persoas responsables. O pago de ditos materiais foi adiantado por unha das organizadoras, ao facerse a compra nun comercio que non ten convenio con este Concello.

O importe ascende a un total de 54.45.-€ (iva engadido), aboando dito importe M. Belen Garcia

Dacosta (35.317.744-W), axúntase a factura simplificada dos materiais comprados así coma o resultado final de ditos traballos.

Por todo isto, a Xunta de Goberno Local acorda o ingreso de 54,45€ ao numero de conta ES 2080 5140 9430 0008 1988 (adxuntaxe certificado de titularidade), con cargo a dita partida xa reflexada coma gastos a xustificar no orzamento inicial da Romaría.

CULTURA

PRP2023/2635

Visto o escrito presentado por D. JOSÉ MARTÍN VENTOSO PORTAS, en representación da Comisión de Festas Santa María de Guillán (C.I.F. G36358976), no que expón que o próximo día 29 de xullo, celebrese unha CEA-BAILE na Casa de Cultura de Guillán.

Na instancia indica a programación a desenvolver, e que a continuación se detalla:

- Catering será a cargo de RESTAURANTE PULPERIA PORTA
- Actuación musical: DÚO ZERO
- Contarán con DK
- Horario: de 21:00 hs. do día 29 de xullo ata as 04:00 do día 30 e xullo

Informa ó Concello de dita celebración e solicita permiso da mesma, así como material (cadeiras e mesas).

A Xunta de Goberno Local acordar a autorización do uso da instalación municipal, neste caso Centro Cultural de GUILLÁN o día 29 de xullo ata as 03:00 hs (madrugada) do día 30 de xullo de 2023, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais (BOPP 28-12-2017) e publicadas na páxina web municipal e sede.vilagarcia.gal.

Así mesmo, deberá cumprir as seguintes condicións:

- 1º.- Deberá indicarse que o horario de peche da instalación (remate da actividade) será as 03:00 hs. (madrugada do día 30 de xullo)
- 2º.- Será responsabilidade do solicitante o control do aforo a sala do Centro Cultural de Guillán, na que se vai levar a cabo o acto CENA-BAILE.
- 3º.- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará as instalacións do Centro Cultural nas condicións de limpeza anteriores o inicio da mesma.
- 4º.- Deberá obedécelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- 5º.-Que será a cargo do solicitante ou organizador, calquera tipo de taxa, imposto, Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a lei 10/2017, de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como Decreto 226/2022, do 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas y Establecementos, en todo aquilo que puidese concernir a este evento/ actividade

PRP2023/2637

En Xunta de Goberno Local que tivo lugar o pasado día 07-04-2023, adoptou, entre outros aprobación de gasto de diversas actuacións dentro do Programa denominado AGORA VERMÚ, que consiste nun ciclo de concertos no mes de maio de 2023,

Este ciclo de concertos desenvólvese en distintos lugares de Vilagarcía. Unha das actuacións

previstas, LONTREIRA o día 28 de maio de 2023 en Avda. da Mariña, por causas de choiva non se puido celebrar. Esta actuación tiña un gasto de 2.420,00€ (I.V.E. incluído). NOME FISCAL: ONTRAPRODUCCIÓN S.L. (C.I.F. B70217366).

Polo exposto

A Xunta de Goberno Local acorda a modificación do acordo da X.G.L. de 17-04-2023, dado que actuación prevista de LONTREIRA (CONTRAPRODUCCIÓN S.L.) o día 28-05-2023 en Avda. da Mariña , por causa de choiva, non se puido celebrar, sendo cancelada, polo que o gasto da mesma que ascendía a cantidade 2.420,00€ sexa reintegrado a partida correspondente.

CONTRATACIÓN

PRP2023/2420

Dáse conta da proposta para adxudicar o contrato menor de Servizos para a Dirección da obra denominada "Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillon polideportivo de Fontecarmoa:

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado "Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa", redactado polo arquitecto don lago Fernández Puentes, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 2.129.842,80 €.

Por providencia de incoación do 3 de maio de 2023, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Con data 12 de maio de 2023 se dita Resolución de Alcaldía por medio da cal aprobase o expediente para la execución da obra denominada "Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa" mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través de Plataforma de Contratación del Sector Público, así como os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o mesmo.

Con data 27 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de obras de Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa á mercantil OBRAS GALLAECIA, S.L. (CIF B70018981), por un importe de 2.005.586,25 € (IVE engadido).

En virtude do establecido na Lei de Ordenación da Edificación, para a execución das obras e traballos que se describen no proxecto, é necesario levar a cabo a contratación dun Director de Obra, que será o axente que, formando parte da dirección facultativa, dirixirá o desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e medioambientais, de conformidade co proxecto que a define, a licenza de edificación e demais autorizacións preceptivas e as condicións do contrato, co obxecto de asegurar a súa adecuación ao fin proposto. Esta figura formará parte da Dirección facultativa que a súa vez deberá completarse co Director de execución da obra e o Coordinador de seguridade e saúde.

O concello de Vilagarcía de Arousa unicamente dispón na súa plantilla dun arquitecto que ten encomendado, entre outras, tarefas de redacción de proxectos, de informes relativos temas urbanísticos e de planeamento, ademais de asistir as reunións e sesións de traballo de modificación do actual PXOM de Vilagarcía de Arousa.

Dada a carga de traballo que soporta este técnico non é posible que asuma a dirección dunha obra cun prazo de execución de 7 meses.

Tendo en conta o persoal dispoñible por esta Administración, as tarefas que está realizando e a dedicación necesaria para realizar os traballos de dirección da obra de Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón polideportivo de Fontecarmoa (cun prazo de execución de 7 meses e un orzamento de adjudicación de 2.005.586,25€) as cales requiren unha maior dedicación de medios e especializacións, considérase que non existen suficientes medios persoais e, polo tanto, é necesaria a contratación externa da dirección facultativa da obra de referencia.

O artigo 118.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que “Se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministros centralizados no ámbito estatal”.

Solicitada oferta ao arquitecto D. Iago Fernández Puentes, (NIF 46903614J) este presenta un prezo (IVE excluído) de 14.100,00 €; (IVE engadido) de 17.061,00 €.

O prazo de execución deste contrato será de 7 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adjudicar o contrato de servizos denominado “Dirección de obra de Reparación de estrutura, substitución de cubertas mellora de envolvente e acondicionamento interior en el pavillón de Fontecarmoa” ao arquitecto don Iago Fernández Puentes, (NIF 46903614J), por importe de 14.100,00€ (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 2.961,00€ o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 17.061,00 €, con cargo á partida 150-640; de acordo coa oferta que se achega e con cargo ao orzamento municipal de 2023.

PRP2023/2421

Dáse conta da proposta para adjudicar o contrato menor de servizos para a Dirección de execución material da obra denominada "Reparación de Estructura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillon deportivo de Fontecarmoa":

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado “Reparación de estrutura, substitución de cubertas, mellora de envolvente e acondicionamento interior no pavillón deportivo de Fontecarmoa”, redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 2.129.842,80 €.

Por providencia de incoación do 3 de maio de 2023, iniciouse o expediente de contratación da obra de referencia mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria e a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

